



Programa electoral EQUO Elección s Europeas 2014

Pola Europa das persoas: reinicia Europa

Queremos dicir alto e claro que estamos en disposición de competir polo futuro de Europa. Creemos que temos as ideas, a capacidade e a vocación aberta para lograr o cambio que a Unión Europea necesita.

Trátase dun reto que hai que afrontar sen demora. A Unión Europea (UE) sofre unha profunda crise económica, ecolóxica, social e democrática, que está poñendo en perigo moitos dos seus logros. Europa non soubo facer fronte aos efectos da grande recesión económica iniciada en 2008: o paro, a crise da débeda ou a fenda entre os países do norte e os periféricos do sur. Ao contrario, as políticas de austeridade e recortes, que terían que mitigar os efectos da crise, profundaron esta dinámica nefasta e serviron para avanzar cara a un modelo máis inxusto e regresivo. Un modelo que nos achega cara ao punto de non retorno no consumo de recursos naturais e, polo tanto, resulta insolidario coas europeas e europeos do mañá.

Pero as inercias son grandes. Por un lado, a UE arrastra unha grave falta de liderado e problemas de gobernanza. As institucións europeas presentan unha complexidade burocrática que as afasta da cidadanía e carecen da necesaria transparencia. Dáse unha concentración de poder que cada vez afasta máis á Unión Europea das realidades cidadás. Poderosos grupos de presión e *lobbies*, que defenden os intereses dunha oligarquía económica, financeira e política, imponen receitas que buscan consolidar os seus privilexios, á custa de acrecentar as desigualdades, ata un extremo que non viamos desde a primeira metade do século XX. O soño europeo está hoxe ferido, debilitado pola incompetencia, o curtopracismo e a falla de empatía e compaixón de quen o lidera. É evidente que son incapaces de reaccionar ante as inxustas consecuencias das súas miopes «reformas», que causan un sufrimento que se converteu para moitos na única cara da UE.

Por estas razóns, a cidadanía está perdendo a confianza no proxecto europeo e a UE aparece como unha entidade allea que obriga a adoptar medidas socialmente dolorosas e inxustas e que se afastan dos valores esenciais da Unión. Pero nun mundo cada vez máis globalizado, necesitamos de estruturas supranacionais para facer fronte a ameazas e retos que non podemos asumir en solitario, nin desde España, nin desde ningún dos Estados membro da UE. As poderosas corporacións financeiras ou empresariais non entenden de fronteiras. As ameazas ao benestar futuro (como o cambio climático) ou á xustiza (como a evasión fiscal) son retos globais.

Rexeitamos, porén, o antieuropeísmo de quen receitan unha volta a un pasado fracasado para combater a crise sistémica que afronta Europa. E diferenciámonos dos que se denominan europeístas, pero foron cómplices das políticas de austeridade que nos condenaron a esta situación.



Cen anos despois do comezo da Primeira Guerra Mundial, asistimos a conflitos armados en Siria e Oriente Medio, ou, máis recentemente, vemos as imaxes dos enfrontamentos tras as manifestacións pacíficas en Ucraína e as mortes no Mar Mediterráneo. Desde a dor e a repulsa que nos provocan estas traxedias, resulta evidente a vixencia dos valores fundamentais que impulsaron a integración europea: a paz, a liberdade, a solidariedade e a loita contra a pobreza, a xenofobia, o odio e a discriminación...

Necesitamos, por tanto, máis Europa, pero mellor, máis respectuosa con eses valores e límites, que non debemos traspasar. A liberdade, os dereitos e a sostibilidade non se poden seguir erosionando como resultado destes tempos de crise e de incerteza. Ao contrario, deben ser precisamente estas, as bases sobre as que construír un novo futuro.

Somos conscientes de formar parte dun impulso de esperanza, que vai máis alá de etiquetas e coalicións políticas. Avogamos pola construción de alianzas coa sociedade civil e por traballar, desde abaixo, a alternativa que debe comezar a tomar forma. Se non é con esa maneira de enfrontarnos á acción política, Europa carece de sentido. Tamén estamos cansados de discursos á contra. Por iso ofrecemos, non só críticas, senón solucións: ideas meditadas e coherentes, cun enfoque integral, e respostas que non evaden a concreción, pero elaboradas colectivamente e abertas a seguir traballando. Apostamos por un cambio radical, para dar contido e forma ao «soño» de Europa.

Por iso declarámonos europeístas, pero insubmisos, decididos a non repetir os erros cometidos para saír da crise ou coa escusa desta. Reclamamos a necesidade dunha revolución verde, transformadora da economía, xeradora de emprego e respectuosa co planeta, e que permita a Europa recobrar a confianza no seu futuro.

É necesaria máis Europa, pero outra Europa: unha Europa das Persoas, federal, plural, solidaria e xusta, onde as rexións e as culturas estean representadas na súa diversidade cultural e lingüística. Unha Europa que sexa un exemplo para o mundo, na defensa dos dereitos humanos, sociais e dixitais. Unha Europa que aborde a gran transición do continente cara á sostibilidade ecolóxica e económica.

Falar desa Europa das persoas pasa por reiniciar o proxecto europeo desde outros paradigmas:

Queremos abrir un **proceso constituínte europeo desde abaixo**, para avanzar cara a unha Europa Federal máis democrática e transparente, con garantías para as liberdades políticas, con máis poder para o Parlamento Europeo e para a cidadanía.

Reclamamos unha **nova Carta dos Dereitos Fundamentais, que amplíe o seu alcance e garanta o seu cumprimento efectivo e esixible**. A Unión Europea debe ser un espazo no que estean garantidos os dereitos sociais (educación, sanidade, xustiza) baixo o criterio do mellor servizo público e non do lucro a toda costa. Ademais, a UE debe garantir os dereitos das mulleres na loita pola igualdade, de colectivos como LGTBI+, e das persoas con diversidade funcional e dependentes. Tamén traballaremos polo respecto dos dereitos dixitais e pola neutralidade da rede, entendendo as novas tecnoloxías e o espazo que abre Internet, como a nova fronteira na defensa das liberdades e dereitos.



Promovemos o respecto e apoio da UE á **diversidade cultural e lingüística dos pobos** europeos, incluíndo as minorías e nacións sen Estado de cada Estado membro. Rexeitamos o recorte da autonomía local e rexional e reclamamos a participación real e efectiva destes poderes na toma de decisións europeas e estatais.

Apostamos pola **transición ecolóxica da economía** (*New Deal Verde*¹), cara a outro modelo económico e produtivo, baseado na economía verde, social, de valor engadido e sostible e na prosperidade compartida. Unha transición desde o ben común, que pivote no potencial de creación de empregos verdes e dignos e se sosteña na I+D+i e a aposta polo desenvolvemento científico.

Loitaremos **contra a corrupción e a fraude** a todos os niveis, mediante máis e mellores mecanismos de transparencia, participación cidadá e democracia directa. Esiximos xustiza fiscal e social, a través dunha reforma da gobernanza económica da UE, un maior control do Banco Central Europeo (BCE) e a regulación dos mercados, impondo **tolerancia cero aos paraísos fiscais e poñendo en marcha a taxa ás transaccións financeiras internacionais**.

Esiximos parar as políticas de austeridade da Troika e apostamos por unha solución á débeda desde a solidariedade, na que debedores e acredores sexan partícipes dunha análise, **reestruturación, auditoría e renegociación da débeda**, detectando que parte dela se considera ilexítima.

Consideramos urxente dar prioridade á loita contra a pobreza e a exclusión social e reclamamos a apertura dun debate europeo sobre a **renda básica de cidadanía e a renda máxima**, acompañado dunha harmonización fiscal baixo o principio de que paguen máis os que máis teñen e os que máis contaminan.

Loitamos por unha Europa que asume a natureza limitada dos recursos naturais. Por un espazo de convivencia á vangarda da loita contra o cambio climático e garante da protección animal e a biodiversidade, unha nova cultura da auga, con políticas agrícolas e pesqueiras ambiental e socialmente xustas. Propoñemos un **novo modelo enerxético europeo**, limpo, gradualmente libre de enerxías fósiles, sen enerxía nuclear, sen *fracking* e baseado nas enerxías renovables e a eficiencia. Un modelo de autosuficiencia enerxética e produción o máis próxima posible, fronte ao dos oligopolios enerxéticos, e no que a **subministración de enerxía sexa considerada un dereito**.

Queremos que a UE volva exercer o liderado global na **defensa da solidariedade, a liberdade e os dereitos humanos. Que fomente sólidas políticas que dignifiquen a migración interna e externa**. Cremos na construción dun modelo de convivencia onde primen a equidade e a xustiza nas relacións internacionais, fronte á especulación, financeira e económica, para garantir a seguridade alimentaria,

¹A expresión en inglés «Green New Deal» obtense de asociar a palabra *green* (verde) coa expresión «New Deal», que non se entende no seu sentido literal (novo acordo), senón como o «New Deal» impulsado por Franklin D. Roosevelt como presidente dos EUA a partir dos primeiros anos 30 do século XX para impulsar a recuperación daquel país tras a Gran Depresión con políticas de estímulo da actividade económica.



erradicar a pobreza e potenciar o desenvolvemento humano. A UE debe reducir o gasto en armamento e promover a **seguridade humana**, en lugar da defensa militar, e sometelo á vontade da cidadanía, non a intereses espurios.

Traballamos por unha Europa dos mozos, atendendo ao drama do desemprego xuvenil, cunha dotación suficiente de fondos para a Garantía Xuvenil Europea e políticas de vivenda para a súa emancipación, ou medidas para o empoderamento político xuvenil, como o dereito a voto nas eleccións ao Parlamento Europeo para maiores de 16 anos.



1. Democracia: cara á rexeneración democrática de Europa

A actual Unión Europea presenta unha construción inacabada. A acción política da Unión, en lugar de poñer por diante os intereses da maioría da cidadanía europea, prima moitas veces os intereses particulares de grandes corporacións empresariais, determinados sectores económicos e mercados financeiros. Estes intereses prevalecen a miúdo, grazas á enorme capacidade de influencia adquirida polos *lobbies* que os representan. Os gobernos dos Estados membros xogan frecuentemente a culpar á UE das políticas, das que eles mesmos son responsables, a través da súa participación no Consello Europeo. Pola súa parte, as institucións menos suxeitas a un control democrático, como o Banco Central Europeo, ou que sinxelamente non son europeas, como o Fondo Monetario Internacional, determinan cambios de calado, que afectan de maneira moi directa ás vidas de millóns de persoas.

Porén, nun escenario globalizado, é necesario impulsar o esforzo colectivo a nivel europeo, desde a participación da cidadanía, en lugar de facelo mediante a confrontación dos intereses nacionais. Por outra parte, a mellora democrática pasa por levar determinadas decisións ao ámbito máis próximo: a cidadanía. Neses dous sentidos, o que avanza cara a unha consolidación do espazo político transnacional europeo e o que achega a gobernanza ás persoas, é imprescindible un decidido afondamento democrático.

Para isto, consideramos imprescindible reinventar Europa. Outra Europa é posible e necesaria e debemos definila entre todas, a través dun proceso constituínte, aberto, participativo e transparente, que nos permita avanzar cara a unha nova Unión Europea ao servizo das persoas, de carácter federal, plural, diversa, solidaria, sostible e xusta.

En tanto avanzamos cara a ese horizonte, desde EQUO e desde a nosa pertenza ao Partido Verde Europeo, impulsaremos no Parlamento Europeo reformas para o afondamento democrático da Unión Europea, dotando ás súas institucións de maior carácter democrático, de eficiencia, transparencia, mecanismos de rendición de contas e apertura, no marco dunha proposta de goberno aberta. Para isto afondaremos os mecanismos participativos, como a Iniciativa Cidadá Europea, ampliando o seu alcance. Impulsaremos os referendos a nivel europeo e reforzaremos activamente as canles de participación cidadá e das organizacións da sociedade civil nos procesos legislativos.

É necesario tamén garantir o dereito de acceso á información para unha efectiva transparencia do conxunto das institucións europeas. O Rexistro de transparencia existente debe reformarse para permitir un control efectivo do papel dos *lobbies* na UE, facendo obrigatoria a súa inscrición, ao tempo que se endurece o seu código de conduta. Non podemos deixar que a independencia dos responsables públicos se vexa comprometida nun escenario de portas xiratorias e debemos revisar as incompatibilidades para evitalo.



Avogamos por reforzar o papel do Parlamento Europeo, como a máis democrática das institucións europeas, dándolle en primeiro lugar capacidade de iniciativa legislativa e máis capacidade sobre a política económica e limitando o dereito a veto dos gobernos. Ao tempo as institucións europeas deben mellorar substancialmente a súa eficiencia, revisando o reparto competencial, mentres se articulan mecanismos de control do desenvolvemento da harmonización legislativa.

2. Dereitos. Europa: espazo de convivencia, de paz e de diversidade cultural

Os dereitos humanos, a democracia e o respecto das leis son valores fundamentais na UE. Desde EQUO, seguiremos a traballar pola universalidade e indivisibilidade dos dereitos humanos recollidos na Declaración Universal de Dereitos Humanos, no Convenio Europeo de Dereitos Humanos e na Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea. Fomentarémoslos e defenderémoslos activamente, tanto dentro das súas fronteiras coma nas relacións que esta mantén con outros países.

Queremos asegurarnos de que a liberdade e a igualdade non se converten en frases sen sentido en Europa. Temos que traballar por unha sociedade plural, incluínte e tolerante, por unha Europa que non discrimina. Cremos que a emancipación e as liberdades individuais están en perigo. Proba diso é a espionaxe masiva organizada por Estados e por entes privados na Internet, ou a violación dos dereitos humanos de minorías como a comunidade romanese, as persoas con enfermidades mentais, os migrantes e os colectivos en especial risco de exclusión. Non debemos tolerar discriminación de ningún tipo, xa sexa por sexo, raza, cor da pel, orixe étnica ou social, idioma, relixión ou crenza, idade ou calquera outra causa.

Queremos unha Europa que asegure a defensa destes dereitos, que protexa a integridade da lexislación europea no ámbito local, nacional e comunitario. Unha Europa dotada de ferramentas de supervisión e sanción eficaces, que penalice os Estados membros que violan estas normas. Unha Europa capaz de asegurar os valores de solidariedade, cos que todos os Estados membros se comprometeron cando decidiron formar parte deste espazo de integración. Neste senso, vemos con preocupación novas restricións nas liberdades de tipo político e retrocesos en dereitos, como o da tutela xudicial efectiva, ou na situación da poboación reclusa.

Queremos que Europa continúe na vangarda da defensa dos dereitos humanos. Tamén queremos unha sociedade solidaria e xusta na que se garantan os dereitos sociais e, para logralo, cremos preciso acometer a reforma da Carta dos dereitos fundamentais, de xeito que se amplíe o seu alcance e se regule a maneira de poder exixir o seu cumprimento e a súa universalización.

Hai que establecer unha verdadeira igualdade de dereitos para todas as persoas residentes, mediante o desenvolvemento dunha carteira de servizos sociais mínimos. Son varias as fronteiras nas que queremos ver avances substanciais: dereito a unha vivenda, ao acceso universal e alcanzable á enerxía, á cobertura universal da asistencia sanitaria, a un entorno ambiental saudable...



E moi en especial, temos que dar prioridade á loita contra a pobreza e a exclusión social. Estamos a asistir a unha crecente desigualdade entre persoas e países e non permitiremos que o benestar da maioría continúe a ser desafiado polos intereses corporativos dunha minoría. Apostaremos polo desenvolvemento de políticas que combatan os niveis crecentes de desigualdade e pobreza, tanto entre distintos países coma dentro destes. Seremos inflexibles con aquelas posicións que pretenden instaurar cidadanías de segunda na UE.

Lembraremos que a igualdade de xénero é un principio fundamental da UE e traballaremos para reducir a fenda entre o recoñecemento do dereito, a súa garantía lexislativa e a súa aplicación efectiva. EQUO será infatigable na promoción da igualdade de xénero e do empoderamento feminino, e farao coa transversalización das políticas de xénero e coa formulación de obxectivos claros e vinculantes para a consecución da igualdade de xénero en todos os niveis.

Europa non pode ser un continente fortaleza, que non queira recoñecer nos que se achegan á procura dunha vida mellor aos nosos semellantes, merecedores de iguais tratos e dereitos. Ten que ser o noso deber ofrecer acollida e reasentamento ás persoas refuxiadas, establecendo medidas específicas para a mellora das condicións de acceso á protección internacional na UE, e facilitar o proceso de integración das persoas que buscan asilo na UE.

Substituíamos os centros de internamento por políticas ambiciosas de acollida e integración. Asumamos que un trato igualitario e digno ás persoas migrantes non é só a única solución decente, senón a consecuencia coherente coa responsabilidade que temos, por ter contribuído á xeración das situacións das que foxen nos seus países de orixe: xa sexan de tipo medioambiental, económico ou político. Para que no norte puideramos prosperar, a miúdo no sur tiveron que pagar as consecuencias.

Resúltanos intolerable que aínda se dean casos de discriminación e violencia LGTB-fóbica e transfóbica, e debemos adoptar estratexias máis decididas na defensa da igualdade efectiva do colectivo LGTBI+. Ao mesmo tempo, temos que traballar por unha plena inclusión e participación social das persoas con diversidade funcional, eliminando obstáculos e mellorando na accesibilidade e na asistencia persoal. Igualmente traballaremos contra a discriminación de todo tipo ás persoas maiores e para garantir pensións dignas na madurez.

Seguiremos a encabezar a loita polos dereitos dixitais. Todas as persoas deben ter dereito a que a súa privacidade sexa respectada e loitaremos para fortalecer os dereitos de protección de datos, en toda a UE. O acceso á rede é tamén un dereito e non podemos tolerar que estea suxeito aos intereses corporativos, polo que seremos firmes na nosa defensa da neutralidade de Internet.

A Unión Europea debe seguir na vangarda da protección das persoas como consumidores, harmonizando lexislacións e avanzando nos dereitos en sectores novos ou especialmente dados ao abuso, como os servizos financeiros, as operadoras de telefonía e datos, ou os provedores de enerxía. Debemos ter plenas garantías respecto dos produtos alimentarios que se comercializan e é necesario mellorar a normativa



para o etiquetado.

3. Economía, sociedade, emprego. Por unha transformación social e ecolóxica da economía europea

A premisa neoliberal de que os mercados, tamén os financeiros, se autorregulan demostrou ser falsa e a súa posta en práctica perniciosa para a sociedade. Puidémolo comprobar con toda dureza coa crise que padecemos e que se desencadeou, xustamente, por un grave desequilibrio no sector financeiro global. Esta é unha crise en principio financeira, trala que, paradoxalmente, non se tomaron medidas para regular ese sector, senón para impulsar políticas de recortes e de retroceso en dereitos e logros sociais, laborais e democráticos. Son políticas impropias dos valores que a UE di representar e son políticas que non melloraron, senón que contribuíron a empeorar a situación de emerxencia social, cun 25 % das persoas na UE en risco de pobreza ou exclusión social ou con 27 millóns de persoas desempregadas.

A crecente desigualdade entre persoas e países é proba de que non só hai un problema de escaseza, senón tamén de crecente fenda social entre persoas ricas e pobres. Mais esta é unha crise que vai máis aló. Outros factores que estiveron na súa orixe, como o encarecemento do prezo do petróleo, non son máis que outro sinal que nos avisa de que este modelo non é sostible. Só a estreitura de miras e a influencia dos lobbies, centrados en defender os intereses dunha minoría e no «aquí e agora», poden explicar a incapacidade para ver na crise ecolóxica unha ameaza real e presente cara á que nos diriximos.

A economía europea e a dos seus Estados membros non está ao servizo das persoas nin do interese xeral e non asume a natureza finita dos recursos naturais. Por iso, urxe máis que nunca iniciar a transición a un novo modelo. Os verdes europeos, e EQUO entre eles, defendemos un *New Deal Verde*, un novo acordo social e económico, que transforme o modelo produtivo e de consumo. Trátase dun cambio baseado noutro modelo produtivo e social, que contén unha enorme capacidade de creación de empregos verdes e dignos (entre 6 e 11 millóns de empregos) e que pon o foco no mantemento dos nosos dereitos.

É posible e necesario impulsar unha reindustrialización de Europa baseada na innovación, a formación, a sustentabilidade e a eficiencia e aforro enerxéticos, progresando cara a sistemas de ciclo pechado. Ademais dos sectores verdes, temos que apostar pola economía dos coidados e da saúde, cun marco que garanta unha protección universal da saúde e unha asistencia sanitaria de calidade. Todo isto debe ser impulsado por un importante esforzo en investimento en I+D+i, cun financiamento proveniente de fontes públicas e privadas.

Nun escenario global cada vez máis competitivo, a UE debe apostar por medrar de xeito coordinado en ciencia e investigación e avanzar na tecnoloxía da información, póndoa ao servizo das persoas. O outro enorme ben colectivo a protexer e impulsar é



o patrimonio e a diversidade cultural e lingüística europea. Existe un enorme potencial na produción cultural transnacional na UE, desde a pluralidade e a riqueza e para a converxencia en modelos de difusión e intercambio.

É posible financiar este gran cambio. O aforro económico resultante da aposta decidida polo aforro e a eficiencia enerxética e o sector das enerxías renovables estaría en torno a 200.000 millóns de euros (xerando ao mesmo tempo 2,5 millóns de novos empregos). Mais o *New Deal Verde* debe ir acompañado dunha profunda reforma fiscal e dunha batalla contra os paraísos fiscais, que facilitan a corrupción. É necesario desenvolver unha política fiscal propia da Unión Europea, establecendo impostos propios. Temos que traballar cara a unha harmonización fiscal en toda a UE, que avance cara a unha fiscalidade progresiva, xusta e con incentivos aos sectores e actividades que queremos potenciar. Unha fiscalidade que evite o *dumping* fiscal e cunha maior presión fiscal ao patrimonio, á renda e aos sectores contaminantes e menor ao traballo. Defenderemos a auditoría da débeda, a súa análise, reestruturación e renegociación. Ao mesmo tempo, temos que avanzar cara á creación de instrumentos de débeda comúns coa garantía do BCE.

Doutra banda, é improrrogable o establecemento dun imposto sobre as transaccións financeiras internacionais, cuxos ingresos deberán destinarse ao fomento da cooperación e á economía produtiva de carácter social e sostible. O sector financeiro debe ser reconducido, para que sexa unha peza que axude e non dificulte. Son precisas unha unión bancaria real e unha regulación do Banco Central Europeo, que asegure o seu control democrático.

Neste escenario, ten que se producir un cambio desde a UE, tamén no modelo de empresas que artellen esta nova economía do común, na que «as ganancias» non se miden unicamente polo beneficio económico.

É intolerable que sexa cada vez maior o número de persoas en risco de exclusión social. Temos que garantir unha vida digna para todas as persoas e traballaremos na introdución da Renda Básica Universal (enmarcada nunha profunda reforma fiscal e económica, coordinada en toda a UE). Namentres, debemos garantir unha cobertura mínima e homoxénea da protección social e unha harmonización dos salarios e condicións laborais. Non podemos aceptar que existan salarios mínimos que non estean por riba do limiar relativo de pobreza en cada lugar e debemos reducir o intervalo entre os salarios máis baixos e máis altos. As condicións laborais para o emprego digno e a democratización do lugar de traballo deben adquirir unha dimensión europea, da man do diálogo social.

4. Medio ambiente, enerxía, clima, recursos naturais e protección animal

A Unión Europea estivo na vangarda mundial en protección medioambiental. Porén, a crise serviu de escusa para impedir avances máis importantes neste eido e, de maneira máis destacada, na loita contra o cambio climático. As súas consecuencias



tamén terán un custo económico (en infraestruturas, custo sanitario, etc.), pero o curtopracismo prevalece e as solucións non poden agardar máis.

A enerxía, como factor de produción clave, e a dependencia das fontes enerxéticas do exterior supoñen un risco evidente. Mais tamén presentan unha oportunidade para iniciar a transición verde que propoñemos, a comezar polo cambio cara a un novo modelo enerxético. Un modelo baseado no aforro, a eficiencia, as enerxías renovables e a xeración distribuída, deixando atrás a dependencia dos combustibles fósiles, a enerxía nuclear e prácticas como o *fracking*. Un novo escenario, que veña acompañado dun Mercado Eléctrico Europeo, mediante un plan de interconexión que optimice o uso das redes e emende as debilidades dunha dependencia de fontes renovables, ao tempo que se fomentan as microrredes e o autoabastecemento. Neste contexto, debemos entender o subministro enerxético como un dereito e evitar que as situacións de oligopolio o limiten. Con este importante xiro transformador, seremos capaces de reducir drasticamente a emisión de gases de efecto invernadoiro.

E co novo modelo enerxético debe chegar un cambio de modelo de mobilidade sostible, menos dependente do coche privado e baseado no desenvolvemento do transporte público metropolitano, a rede ferroviaria e a bicicleta.

Un dos eixos da política europea é a Política Agraria Común (PAC). Debemos orientala cara a un modelo agrícola sostible, xusto e social, no que predominen iniciativas resilientes e diversas que fagan fronte o cambio global. A PAC debe revisar a súa forma de distribución de axudas, a fin de apoiar de maneira decidida ás pequenas explotacións para subministro local e introducindo criterios ambientais. Paralelamente, temos que eliminar as subvencións á exportación e ser firmes en contra do rexistro e das patentes de plantas e animais, incluídas as de tipo transxénico, e na redución do uso de fertilizantes químicos e praguicidas.

Do mesmo xeito, a Política de Pesca Común, debe impulsar unha transición cara a un modelo pesqueiro sostible, como froito dun diálogo coas persoas e comunidades que dependen deste sector. En todo caso, é irrenunciabile evitar a sobrepesca e optimizar a xestión dos recursos pesqueiros, desde unha perspectiva socialmente xusta.

Un dos elementos clave para a vida e o benestar é a agua e resulta preciso garantir o seu subministro en forma potable ás persoas, desde unha concepción de servizo público que, desgraciadamente, vemos ameazada. Ademais, é un elemento imprescindible para o equilibrio dos ecosistemas. A Directiva Marco da Agua (DMA) establece un punto de partida pero o seu cumprimento é irregular. Esta directiva e a normativa que a acompaña tamén son mellorables en varios aspectos.

Con ou sen crise, o modelo de consumo e produción actual é insostible, no medio e no longo prazo, pola condición finita dos recursos naturais dos que depende. Resulta inaprazable apostar pola eficiencia, a reutilización e a reciclaxe, nun horizonte cara a modelos de produción pechados, nos que os residuos son aproveitados nun novo ciclo de produción. Ademais, a xestión actual dos residuos non impide que esteamos expostos a uns altos niveis de contaminación, especialmente no ar que respiramos nas grandes cidades, que cada día resulta máis prexudicial para a saúde. Na nosa vida cotiá estamos rodeados de axentes contaminantes e, polo tanto, debemos demandar



unha regulación suxeita a revisión e máis rigorosa.

Pero temos que ver máis aló da realidade humana de aquí e agora. Resulta imprescindible protexer os hábitats, a flora, a fauna, as augas e os solos. Temos que frear a perda de biodiversidade e a degradación dos ecosistemas, para iniciar o camiño cara á súa recuperación, facendo compatibles uns ecosistemas estables cunha actividade humana sostible e responsable. En primeiro lugar hai que destinar os medios para detectar as actividades que ameazan a biodiversidade, analizar o impacto do cambio global e, finalmente, desenvolver plans de corrección ben enfocados. Isto implica ir máis aló dos actuais programas e espazos xa contemplados e dos niveis de protección da Rede Natura 2000. Non se trata dun sistema de compensacións, como apunta a iniciativa «Non Perda Neta», senón dunha recuperación efectiva.

O respecto ao noso entorno debe comezar por asumir un alto grao de protección ao benestar animal, que non sempre se presenta na UE. Hai métodos alternativos á experimentación con animais que deben ser investigados e validados con apoio público, para ir reducindo os ensaios de laboratorios con animais. É necesario establecer estándares comúns de rexistro, cría e transporte de animais de compañía e ir reducindo o número de animais exóticos nesta categoría. Tamén temos que acabar coa importación de animais capturados en liberdade e debemos conseguir avances nas condicións de benestar e protección a animais de granxa e de piscifactoría, deixando atrás o modelo industrial. Débense garantir condicións dignas no transporte de animais vivos e no seu sacrificio. Temos que avanzar cara á protección dos mamíferos mariños e dos grandes simios.

Entendemos inasimilable que se exclúan os criterios de benestar animal da Directiva de parques zoolóxicos. E debemos facer extensiva a normativa de benestar animal tamén aos animais destinados a espectáculos, xa sexa de tipo circense ou tradicional, co horizonte de lograr o fin do uso de animais salvaxes e en perigo de extinción en espectáculos, especialmente os que xiran en torno á tortura e morte do animal.

5. Relacións internacionais: políticas de veciñanza, ampliación, desenvolvemento e comercio internacional (máis aló da Política Exterior e de Seguridade Común –PESC–)

Desde EQUO demandamos unha Europa promotora da xustiza, a solidariedade e a paz, unha Europa defensora dos bens comúns globais. Queremos unha UE que fale cunha soa voz en política exterior e asuma o liderado na loita contra o cambio climático e na prevención da degradación do medio ambiente.

Queremos que a UE promova activamente a non violencia e a cultura do diálogo, a mediación, a conciliación e a cooperación. A UE debe seguir a desempeñar un papel



importante na prevención de conflitos, o desarme, o control de armas e a construción e o mantemento da paz.

Queremos unha Unión Europea que inclúa á sociedade civil na resolución de conflitos e poña a seguridade humana no centro da súa acción exterior. Imos seguir loitando polo desarme nuclear a nivel mundial e en Europa.

Cremos que Europa pode facer moito máis para eliminar a fame, a degradación ambiental e a exclusión das mulleres dos procesos de desenvolvemento. Queremos que os Estados membros europeos manteñan os seus compromisos de destinar o 0,7 % da Renda Nacional Bruta (RNB) á axuda oficial ao desenvolvemento, tal como se comprometera a UE. Queremos contribuír a reducir as desigualdades a través da cooperación ao desenvolvemento.

Temos que traballar cos nosos socios para encontrar solucións a problemas como o cambio climático, a proliferación nuclear ou os conflitos locais en todo o mundo. Traballaremos para reducir o comercio de armas.

Queremos que a UE apoie unha gobernanza global multilateral, o fortalecemento e a reforma da función da ONU.

Os acordos comerciais (como o Tratado para o libre comercio e o investimento entre os EUA e a UE –TTIP– actualmente en negociacións), deben responder a principios de interese xeral e cidadán. Negámonos a permitir que as empresas privadas impoñan aos gobernos democraticamente elixidos os seus intereses propios, fronte aos dereitos sociais e ambientais. Mobilizarémonos en contra de calquera acordo comercial que ataque estes principios e os nosos estándares de protección laboral, medioambiental, alimentaria...

6. Xuventude

Un de cada cinco mozos europeos está desempregado, situación alarmante pero aínda máis grave nos países do sur de Europa. No caso do Estado español, o desemprego elévase a máis do 56 % da poboación moza. No panorama actual, a situación de crise económica cébase especialmente naqueles colectivos máis débiles, como sucede cos mozos e mozas, que se ven afectados, non só pola falta de creación de postos de traballo, senón tamén polo incremento no número de contratos precarios. Todo isto impide o pleno desenvolvemento da vida en condicións de dignidade. Ademais do desemprego, os retrocesos nos servizos públicos (como a asistencia sanitaria, a educación, a axuda á dependencia, etc.) ou os recortes no gasto público (en áreas como a ciencia e a investigación ou a cooperación ao desenvolvemento) deron lugar a unha situación que provoca o exilio forzado da mocidade e das persoas mellor preparadas.



É urxente un cambio de rumbo nas actuais políticas para que estas dean prioridade á xuventude. A nosa proposta é: máis Europa, pero outra Europa. No camiño cara a unha Unión Europea máis social, máis democrática, máis solidaria, máis ecolóxica e máis tolerante, a xuventude ten moito que dicir, pero, para facelo posible, debemos atender o seu déficit de representatividade nas institucións e nos procesos de toma de decisións.

Apostamos por: i) impulsar unha xuventude activa social e politicamente, ii) que, desde os partidos políticos, se garantan cotas para a súa presenza nas listas electorais ao Parlamento Europeo, e iii) que se baixe a idade de voto nas eleccións europeas aos 16 anos. Tamén defendemos que, a través de asociacións, teñan o recoñecemento que merecen ante as institucións europeas. E que se vexa recoñecido o compromiso voluntario, coa aprobación e posta en práctica da Carta dos Dereitos e Responsabilidades do Voluntariado da Unión Europea.

A xuventude europea non só se ve discriminada na súa participación e activismo, existen outros moitos ámbitos que imos desenvolver de seguido. A discriminación por idade é unha realidade que exige adoptar definitivamente a Directiva Anti-Discriminación. Así mesmo, son necesarias estratexias de concienciación para loitar contra distintos tipos de discriminación que se presentan con especial incidencia na xuventude: sexismo, LGTBfobia, racismo...

Se partimos dunha concepción da educación que contemple a aprendizaxe como un proceso que acompaña durante toda a vida, debemos comezar por sentar as bases, loitando decididamente contra o abandono escolar e o analfabetismo. Apostamos por unha educación pública, gratuíta e inclusiva e por un sistema educativo máis democrático e de calidade. Traballaremos para abordar a diversificación da educación secundaria na Unión Europea e un impulso decidido pola mobilidade do alumnado universitario.

A crise acentuou na poboación moza o problema da pobreza e da exclusión social. Debemos emprender programas que garantan condicións dignas de vida e a participación na sociedade. Temos que impulsar un marco europeo de garantías sociais, que asegure que nos Estados membros se estendan as prestacións sociais á xuventude. Traballaremos para que existan medios suficientes que garantan unha efectiva emancipación; e, para logralo, comezaremos por formular unha estratexia europea para o acceso da mocidade á vivenda.

Mais, novamente, é a súa exclusión do mercado laboral o maior obstáculo que debemos atender para dar un horizonte de esperanza á xuventude europea. Cremos imprescindible e urxente poñer en marcha un gran plan de choque contra o desemprego xuvenil, que se focalice nas políticas de creación de emprego (en diferentes sectores verdes, sociais, culturais...) e que dea prioridade a aqueles que poidan existir nas súas propias comunidades, de tal xeito que a mobilidade laboral entre a mocidade sexa voluntaria. Para os moitos casos nos que é forzada, debemos elaborar programas que permitan o seu retorno. Unha peza chave é a Garantía Xuvenil Europea, programa xa en marcha pero que debe contar cun financiamento significativamente superior e



con mellores mecanismos de control e seguimento. E non esquezamos que, para os que si atopan traballo, a precariedade ou o traballo camuflado de prácticas son moeda común, polo que resulta necesario establecer unha regulación vinculante e máis ambiciosa do Marco de Calidade das Prácticas na UE e maiores controis para garantir dereitos e dignidade no traballo.